

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA DEZAOITO DE XULLO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Paradela, a dezaeito de xullo de 2019

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as trece horas e un minuto, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. Roberto Díaz Luaces
- D. Iván Castro Díaz
- D^a. Sara Arias López
- D^a M^a Montserrat Mulet Sar
- D^a Ana Belén López Álvarez
- D. Adrián Fernández Juíz
- D. Jesús Pablo López González
- D. Benjamín López Mato

Asiste o Secretario-Interventor accidental da Corporación, Manuel Piñeiro López, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 4 DE XULLO DE 2019.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ao borrador da acta, da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 4 de xullo de 2019, das que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sométese a aprobación do borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 4 de xullo de 2019.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros que asisten á sesión (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e tres do Grupo Municipal Socialista) sendo este o seu número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2019-0058 ao 2019-0168).

O Pleno dáse por enterado.





3º. APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO E A 1ª ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

Procédese por parte do voceiro do grupo municipal do Partido Popular D. Adrián Fernández Juíz a dar lectura da seguinte proposta de Alcaldía:

O artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que lle corresponde aos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais; adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade; ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios e, en particular, xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

Engade o citado artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, que os concellos, no exercicio da competencia relativa a ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios, poderán contar coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia, nos termos previstos no artigo 59 da devandita lei e consonte o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia.

Con base nesta colaboración, no Diario Oficial de Galicia núm. 156 de 17 de agosto de 2018 publicouse a Orde do 9 de agosto de 2018 pola que se publica o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, no mesmo faise constar que o 09/08/2018 asínase un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA (sociedade mercantil pública autonómica) co obxecto de instrumentar a cooperación da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, a FEGAMP e SEAGA, cos concellos que voluntariamente se adhiran a este convenio mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa.

No Diario Oficial de Galicia núm. 90 de 13 de maio de 2019 publicouse a Resolución do 26 de abril de 2019 pola que se publica a primeira addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

*Ao abeiro do manifestado con anterioridade, **PROPOÑO AO PLENO:***

A aprobación da adhesión ao convenio e a 1ª addenda do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.



Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros que asisten á sesión (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e tres do Grupo Municipal Socialista) sendo este o seu número legal de membros.

4º. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas nen rogos por escrito, se ben dáse a posibilidade de formulalos neste intre.

A continuación dáselle a palabra o voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. Roberto Díaz Luaces, para que formule a seguinte pregunta:

¿Cal é o motivo da non existencia de brigada municipal contra incendios forestais no Concello de Paradela?.

O Alcalde responde que os motivos de non contar con brigada municipal contra incendios forestais na campaña de verán, é debido aos problemas xurdidos na última campaña contra incendios forestais 2015, en relación ás discrepancias coas hectáreas a desbrozar e coa xustificación das mesmas.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e dezaoto minutos do dezaoto de xullo de dous mil dezanove, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor accidental dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor

